



Martes, 12 de novembro de 2013

Estimado/a Empresario/a,

O Concello de Arzúa organiza, a través do proxecto *Arzúa Comercial*, o **Día do Comercio Local** o domingo oito de decembro.

Con esta cita queremos poñer en marcha un novo proxecto coa finalidade de promocionar o comercio, a hostalaría e os servizos do noso municipio.

Aproveitando a proximidade da campaña de Nadal e a feira quincenal, imos organizar entre tod@s unha xornada con actividades, promocións, animación de rúa...

Para poder deseñar unha proposta atractiva para o público en xeral, pedimos a vosa colaboración do seguinte xeito:

- **Comercio.** A implicación deste sector é imprescindible, polo que animamos a que cada tenda ofrezca descontos, vales-agasallo ou outras promocións durante ese día. Tamén se poden plantexar demostracións ou pequenos coloquios sobre os vosos produtos.
- **Hostalaría.** Organizaremos unha Ruta de Tapas para promocionar a nosa gastronomía e tamén os nosos restaurantes, bares e cafeterías.

Dende o Concello de Arzúa difundiremos o evento, crearemos un espazo radiofónico na emisora municipal sobre este día, programaremos actividades complementarias e elaboraremos programas de man para o que precisaremos a seguinte información:

- **Comercio.** Especificar tipo de promoción, horario da mesma e horario de apertura.
- **Hostalaría.** Especificar a tapa, horario no que se poderá degustar e prezo da mesma (sexa gratuíta cunha consumición ou non).

Deberanos facilitar esta información no Departamento de Cultura do Concello de Arzúa ou chamando aos teléfonos 981 500 222 (Marcos Pampín), 664 079 355 (Offilance) ou nos e-mails cultura@concellodearzua.com ou arzua@offilance.com **antes do 26 de novembro**. Tamén se poden poñer en contacto con nós para aclarar calquera dúbida que lles poida xurdir.

Sen máis asuntos que tratar e agradecéndolle de antemán a axuda prestada, reciba un cordial saúdo,



José Luís García López
Alcalde do Concello de Arzúa